

Prólogo

María Barbeito e Cerviño, a nosa grande educadora

“Las generaciones del presente y del futuro tenemos –escribiu Mar del Pozo– la obligación y el deber moral de rastrear y contar su historia, de sacar a la luz sus ideales, de airear su exemplo, y de demostrar, con sus vidas, el inmenso poder de la educación para transformar el mundo”¹.

A mestra María Barbeito e Cerviño (A Coruña, 1880-A Coruña, 1970) non é unha figura descoñecida nos ámbitos literariamente cultivados da cidade da Coruña e por extensión noutros ámbitos de Galicia; mesmo suscita algunha referencia xenérica entre os estudosos universitarios da historia da educación contemporánea en España. María Barbeito e Cerviño ten igualmente distintas resonancias entre as xentes da Coruña, ben porque uns foron ao colexio público así chamado María Barbeito, ben porque son nais e pais de familia do presente que levan ás súas criaturas a este centro escolar. Por algunhas outras razóns singulares ou por ter coñecido algúns dos seus fillos, o nome de María Barbeito ‘y de Martínez Morás’ poderá contar igualmente con algunha resonancia, sempre cargada de notas positivas.

Sobre María Barbeito escribiron algo os seus fillos, sen identificarse por iso, ou a profesora compostelá Aurora Marco, que a incluíu naquel seu pioneiro libro de *As precursoras: achegas para o estudo da escrita feminina (Galiza: 1800-1936)* (1993). Outras Notas foron deitadas posteriormente por ela mesma e por outros investigadores en distintas publicacións. Probablemente insuficiente. E tanto! A coidada investigación, cociñada a lume lento e con agarimo por parte da profesora e investigadora Ana Romero Masiá, que sobre a súa figura termina de realizar e que

1 POZO ANDRÉS, M^a del Mar (2013): *Justa Freire o la pasión de educar. Biografía de una maestra atrapada en la historia de España (1896-1965)*. Barcelona: Octaedro Editorial, p. 267.

aquí ollamos plasmada neste libro fermoso, permítenos tomar conciencia como nunca anteriormente sobre o talle de educadora e o talle humano de María Barbeito, respondendo, pois, a esa reclamación que a profesora Mar del Pozo realizaba aínda recentemente no cabo do seu valioso estudo da figura doutra destacada mestra, Justa Freire, por certo, coñecida e comunicante de María Barbeito.

Os mestres da República

O oficio de mestre xenericamente presentado, que é insuficientemente valorado a día de hoxe, conta na socioloxía das profesións cun percorrido marcado pola modestia. A socioloxía histórica sobre a profesión dos docentes tampouco os deixa en mellor lugar en España e no contexto da función pública. Alúdese a eles, e isto inclúeas a ELAS, con notas que falan da súa escasa e limitada formación, das súas reducidas expectativas intelectuais, do seu exercicio de roles culturais agrisallados, do modesto do seu vivir e dos seus curtos salarios. Unha alusión que, porén, non ten impedido deixar sempre un lugar para as excepcións, nun oficio que facilitou sempre, a través dos libros, o coñecemento de que 'outro mundo sempre é posíbel'.

Alén desta xeral valoración, entre mozos e xentes estudosas e inconformistas dos pasados anos setenta andaba un ruxerruxe que falaba 'dos mestres da República', daquela xeración segada polas balas franquistas e falanxistas inimigas do pluralismo, da liberdade de pensamento, da creación de ideas e da xustiza social. *Mestres eran mestres*. Isto e, varóns na súa inmensa maior parte. Os debuxos abraiantes de guerra de Castelao e de Seoane con mestres *acribillados* e deitados no chan, o libro de Mariano Pérez Galán sobre o ensino na II República en España, ou a posterior *A lingua das bolboretas* de Rivas e Cuerda, máis os libros editados por Isaac (Edicións do Castro) foron construíndo as precisas por necesarias, e por veces inexactas, representacións mentais sobre os mestres da República. Nada a ver coa imaxe xeral procedente da socioloxía histórica sobre a profesión docente: 'os da República' (unha parte significativa dun todo) eran mestres profesionalmente preparados, con ambición cultural, amadores dos seus alumnos e do oficio e horizonte de luz para as diversas comunidades de España.

Mais, o cadro estaba obxectivamente incompleto. Era tamén unha historia con tics de xénero e unha historia educativa construída por homes, que deixaba fóra unha vez máis a metade da humanidade, o oficio das mestras, das profesoras.

As mestras da República: parteiras de luz e fonte de afectos

O de *mestras da República* é un modo de expresión; como o de *mestres da República*. Referímonos a un estilo profesional, a unha identidade de profesores e profesoras que incorporaron un *ethos* de apertura cara a in-
quedanzas culturais e profesionais que se distanciaban das posicións e prácticas docentes tradicional-escolásticas e intelectualistas, con disposición a deixárense interpelar polas orientacións e prácticas pedagóxicas impulsadas polo movemento internacional da Escola Nova, con exercicios e ensaios que incluían as innovacións didácticas e as referencias á cidadanía democrática, que cumpría construír desde a escola; un *ethos* de apertura conscientemente lexitimado e promovido desde a mellor política educativa republicana. De tal espírito participou un amplo sector do profesorado que comezaba o seu oficio docente no estrito tempo da II República, pero tamén varias xeracións cun exercicio docente que desde comezos do século XX se orientaba en tal dirección ata encontrar a súa plena validación neste tempo último.

Así o entendiamos, pero tamén así o veu clarificar a citada profesora María del Mar del Pozo nun dos ensaios do aínda recente *Las maestras de la República*²: situadas nun *continuum* de tradición/renovación pedagóxica, as docentes republicanas autopercebíronse como membros do grupo dos innovadores en canto ás súas prácticas docentes, e a este respecto fala a autora de tres xeracións de mestras republicanas, a partir das que estiveron máis próximas do movemento *rexeneracionista* de comezos do século XX; María Barbeito formaría parte da segunda xeración³, a que acompañou a Ortega e a outros intelectuais na elaboración do imaxinario cívico republicano, logo aberto no 31.

Secomasí, se falamos de María Barbeito poderémolo facer tamén, sen orde ningunha na citación, de Josefa Uriz, de Regina Lago, de Justa Freire, de Dolors Piera, de Mercedes Rodrigo, de Anna Rubies, de Luisa Bécares, de Elisa López de Velasco, de Ana Gavin, de Leonor Serrano, de María Luisa Navarro, de Margarida Comas, de Rosa Roig, de María Sánchez Arbós (que fermoso diario de acción escolar nos deixou!!), de Amparo Cebrián, de Matilde e de Pilar García del Real, de Pilar Oñate, de María de Maeztu, e de Rosa Sensat,

2 POZO ANDRÉS, M^a del Mar (2012): “La construcción de la categoría ‘maestra republicana’: la tipología generacional como propuesta”, en SÁNCHEZ DE MADARIAGA, E. (ed.): *Las maestras de la República*. Madrid: Catarata, pp. 236-247.

3 *Ibid.*, p. 244.

a directora da escola municipal de El Bosc e do grupo escolar barcelonés de Mila i Fontanals, con quen tanta similitude garda María Barbeito. De moitas das anteriores tivemos coñecemento por vez primeira a través daquel tan necesario libro de Teresa Marín, *Innovadores de la educación en España* (1991). Se percorremos os seus distintos itinerarios de vida veremos que eran parteiras de luz e a miúdo fonte de afectos e de consolo á maneira de Concepción Arenal, como tan ben así o representou María Barbeito.

María Barbeito: identidade profesional dunha notable educadora

María Barbeito, unha dos só 10 mestres-inspectores (e inspectoras) nomeados pola República, presenta trazos excepcionais. Comeza a ser docente no curso 1901-1902 con vinte e un anos. Desde o 1902 exercerá nas escolas Da Guarda, que conseguirá reorganizar como Escolas ou colexio graduado en 1915, pasando a ser directora destas escolas, que converterá anos máis tarde en ‘colexio modelo’, nunha institución escolar pública que en Galicia facía o papel que xogaba o colexio Cervantes en Madrid, e outros canda el: o de seren centros visitados polos profesores doutras escolas que, mediante tales visitas e en contacto co que alí vían e falaban co seu profesorado, se poderían sentir interpelados en canto aos seus modos de faceren diarios.

María Barbeito xa subía á tribuna con escasos 28 anos cumpridos para falar de educación, de pedagogía e de psicoloxía infantil e fíxoo en varias ocasións sen ter pasado por recibir unha formación máis especializada en Madrid, nin tampouco na Escola Superior de Maxisterio de Madrid, excelente e aberta desde 1909 e sempre coidada polos líderes da Institución Libre de Enseñanza. Se tomamos en consideración os seus dous primeiros textos editados, breves por ser de dúas conferencias pronunciadas na cidade en 1907⁴ e en 1913⁵, coidamos ollar neles, nese intervalo, o tempo da construción das súas conviccións profesionais: en 1907 defende ante un auditorio burgués o ensino obrigatorio e público “efecto del verdadero espíritu de democracia”, combate o ensino “exclusivamente doméstico” e valora criticamente o ensino privado: as escolas privadas presentan como maior inconveniente, di, “que inician desde el umbral de la vida, la fatal separación de clases sociales”; coma se estivésemos escoitando a Ferrer i Guardia coa súa Escola Moderna barcelonesa, vangarda das escolas do porvir. E como

4 BARBEITO Y CERVIÑO, M^a (1909): *Mejor ambiente educativo y condiciones que deben integrarlo*. A Coruña: Imp. De la Vda. e Hijos de Brañas.

5 BARBEITO Y CERVIÑO, M^a (1913): *Niños y educadores*. A Coruña: Imp. de Ferrer.

muller María Barbeito toma posición: “soy feminista, aunque no revolucionaria”, ao tempo que sinalaba a extrema importancia da educación das mulleres para a súa elevación intelectual. De certo, esta cuestión habería de estar sempre presente nas súas preocupacións, como sinala a profesora Ana Romero. E en 1913 comezaría a súa intervención cunha declaración maior: “Por muerta –y bien muerta está– debe darse la antigua pedagogía, que estudiaba la entidad niño... prescindiendo de (las) diferencias que indudablemente existen”⁶.

A partir do expresado vén a súa reflexión en voz alta sobre a individualidade da natureza infantil e sobre a necesidade do seu coñecemento; sen perder de vista o que certeiraamente Rousseau escribira en 1762 no *Emile*: “Observe a natureza e seguíde o camiño que vos traza”. “Para todo es necesario observar al niño... y conocer sus intereses” –diciña María Barbeito–, da man da antropoloxía, da fisioloxía e da psicoloxía experimental, non só como individualidade, senón tamén no seu medio social, debendo, pois, facer fichas paidolóxicas e sanitarias de cada un e atender a todos, con máis atención se cabe no caso dos nenos daquela considerados atrasados; observar para educar, sempre co amor como arma potente e sempre favorecendo a libre actividade do neno; concedéndolle importancia ás excursións, aos paseos, aos xogos (“manantial inagotable de observaciones”, dixo) e ás preguntas dos nenos. Para esta declaración botaba man dos clásicos: de Rousseau e de Froebel, e de autores aínda decimonónicos como Maurice Fleury co seu *Nos enfants au Collège: le corps et l’âme de l’enfant* (París, 1900).

Creo que nos anteriores argumentos se ensamblan o conxunto das súas iniciativas como educadora e como directora das escolas Da Guarda, tanto no aspecto da organización didáctica, como na súa preocupación polo mobiliario, polos recursos didácticos, e en particular, pola saúde, a alimentación e a hixiene dos escolares; isto é, a preocupación pola predisposición saudable para poder abordar o desenvolvemento educativo de cada neno e de cada nena, sempre anotado mediante rexistros paidolóxicos individualizados. Na *Memoria* de actividades que redactou en 1932 daba sumaria conta dalgúns aspectos: a graduación didáctica das escolas, chegando aos 10 docentes; a organización curricular mediante a aplicación frecuente da metodoloxía de proxectos ensaiada por Dewey e da de centros de interese decrolianos (coa conseguinte agrupación de materias e a flexibilización

6 *Ibid.*, p. 4. Estamos lendo, sen ser citado nesta ocasión, ao Alfred Binet de *Les idées modernes sur les enfants*; París: Flammarion, 1911, p. 338 e ss. María Barbeito tiña coñecementos de lingua francesa e moi probablemente tamén accedera xa, como o seguirá facendo ao longo da súa vida profesional, a textos pedagóxicos franceses.

de horarios escolares); a dotación de material fixo e móbil montessoriano importado de Italia en 1915 e a dotación de mobiliario montessoriano con implantación plena deste sistema nunha aula de párvulos en 1920; as coleccións de láminas, de relevos, de corpos opacos e de postais; a *gramola* para as audicións musicais e o piano para o ensaio e e práctica musical, coa inclusión de cantigas galegas; a biblioteca do centro (con máis de 3.000 lectores en 1930) e a Biblioteca Popular Circulante para o profesorado, coidada desde a súa responsabilidade como inspectora; a presenza dunha máquina de coser, de máquinas de escribir, dun cinematógrafo Pathé-Baby cunha colección de películas, dun gabinete de física e dun microscopio con preparados (recordemos a escena da *Lingua das Bolboretas* cando é recibido o microscopio na escola de don Gregorio, para así poder ver a *espiritrompa* das bolboretas; todo un soño!!). E de fondo sempre o coidado da infancia: o calzado, o vestido, a alimentación, o comedor escolar, as colonias, a mutualidade escolar... e todas as demais iniciativas, tan coidadosamente analizadas neste libro.

Cando en 1935 realiza con outros dez docentes españois (deles, outras catro mulleres eran tamén galegas) unha viaxe de estudos e de visita a institucións educativas de Francia, Bélxica, Países Baixos, Alemaña, Suíza e Italia, baixo a coordinación do profesor Lillo Rodelgo e en tanto que bolsieras da JAE (a Junta de Ampliación de Estudios), como froito do que prepara extensas notas posteriormente reordenadas no libro *Países y Escuelas*, María Barbeito é posuidora dunha crítica e elaborada conciencia e comprensión do que observa.

Do visto en Francia critica o soletreo da lectura, a carencia de coeducación, o enciclopedismo, o autoritarismo dos directores escolares e os modos absurdos de graduación; aproba o neutralismo, a gratuidade e a obrigatoriedade das escolas públicas de Bélxica; fai notar a importancia extrema das variadas institucións sociais e benéficas colaboradoras da acción escolar; celebra o máximo de 25 alumnos por clase e a práctica da lectura global e de xogos para a aprendizaxe do cálculo, observada nos Países Baixos; chufa os *kinder-garten* montessorianos; así como tamén a educación de nenos con necesidades educativas específicas practicada en Ucllé por Decroly e o seu equipo, a presteza técnica de Jonkheere, o espírito democrático que se respira nas escolas Waldorf, que seguían a orientación pedagóxica e antroposófica trazada na Alemaña por Rudolf Steiner, momentos antes dos controis e prohibicións hitlerianas, ou o magnífico ambiente de 'escola activa' que puido observar na escola infantil *La Rimovata* de Milán, ao coidado de Giuseppina Pizzigoni, outra querida referencia para María Barbeito. Entre tantos exemplos, podería destacarse a escola Decroly da bruxelosa rúa Montana:

“(con su aspecto) de taller y de laboratorio; se ve que el niño elabora en todo caso su propio conocimiento y no se limita, como en tantas escuelas de tantas partes, a ser un mero receptáculo de lo que se le da hecho; existe (en todo momento) un discreto ir y venir para atender cada uno a su trabajo, realizado de un modo personalísimo, con toda libertad de iniciativa y de expresión, que favorece grandemente la espontaneidad y la actividad estimulada, con la facultad de poder desenvolverse a gusto”⁷.

En definitiva, estamos ante unha pedagoga e unha educadora que probablemente non destaca como unha teórica de alta e fina elaboración. Os seus textos publicados, unha suma limitada, non son de grande esixencia, por máis que son de ideas precisas á altura do seu tempo. Os numerosos textos manuscritos rescatados por Ana Romero son habitualmente textos marcados polo didactismo e a claridade nas ideas que se expresan: para as súas intervencións ante un público relativamente culto no Circo de Artesáns ou diante dos seus compañeiros e compañeiras docentes na Coruña, en Arteixo, en Vigo... e aquí sabía intervir con precisión e sen requilorios, coñecendo as duras realidades escolares. Sen estar intelectualizada, porén, destaca nela o forte sentido pedagóxico básico, arredor de posicións sempre referendadas: a educación física, moral e intelectual, como en Pestalozzi ou en Spencer; a escola pública, obrigatoria e gratuíta; para todos e para TODAS; a escola laica e neutra; a escola atenta ás realidades de saúde e ambientais familiares dos escolares; a escola que practica o activismo didáctico e a individualización, sen perder de vista o medio; tamén, a escola aberta ao contexto natural e social, se ben, escasamente galeguizada desde o punto de vista lingüístico.

Era unha muller de espírito aberto e interrogativo; aguda nas observacións; tenaz, constante e laboriosa; lectora reflexiva de textos dos que sabía extraer pistas e ideas para formar unha auténtica caixa de ferramentas ao servizo da educación, da escola e da cidadanía. Unha educadora que por este modo enlaza coas chamadas mestras da República, das que demos algúns destacados nomes atrás, e que igualmente nos recorda a outras figuras femininas de educadoras internacionais: a Giuseppina Pizzigoni; ás irmás Olga e Leticia Cosettini coa súa “Escola Serena” da cidade arxentina de Rosario; á pedagoga uruguaia, feminista e de ideas masónicas Luisa Luisi, autora de *Ideas sobre educación* (Montevideo, 1922), con quen mantivo amplo contacto, a Hamaide, colaboradora de Decroly, a Mina Audemars que exercía na *Maison des Petits* de Xenebra ou a Elisabett Huguenin, no seu camiñar pedagóxico pola *École de Roches* e na compañía alemá de Paul Geheeb.

7 BARBEITO Y CERVIÑO, M^a (1975): *Países y Escuelas*. A Coruña: Moret, p. 78.

Non hai texto sen contexto

Se María Barbeito fose o texto non o entenderíamos sen un contexto. Aludimos atrás a un contexto de certo dinamismo pedagóxico, pero é oportuno que apuntemos algo máis sobre o contexto de formación e sobre as lecturas de María Barbeito.

Ela nace no seo dun contorno familiar cultivado, liberal progresista, con adherencias masónicas e de inclinación republicana. A propósito, son os republicanos quen conservan a confianza cidadá na Coruña para o goberno municipal durante todo o primeiro terzo do século XX, agás o tempo do Directorio ditatorial. Como sabemos, a cidade é modesta no número de habitantes, máis é unha cidade aberta: nela hai algúns núcleos sociais por fóra de calquera provincianismo; hai alí algunha xente viaxada, lectora en diversas linguas... que viña desde os tempos de Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina. Hai o seu aquel de liberalismo e masonería, gromos de sindicalismo e de pluralismo político, hai amantes da natureza que se expresan a través dos intentos de Universidade Popular, hai un grupo de Exploradores de España (os *boys scouts*), esperantistas... e hai tamén *unha Coruña elegante* e modernista, coa que ás veces convive a propia María Barbeito, sempre con algunha distancia; a que vai do liberalismo democrático e reformista ao conservadorismo.

A realidade escolar é dura, fóra do núcleo do Instituto cos seus catedráticos, a Escola de Náutica, a de Comercio, a de Agricultura e a de Belas Artes. Hai aí unha porción dalgúns bos docentes. Pola súa parte, Emilia Pardo Bazán irrompía con algunha frecuencia a prol dos avances no auditorio da cidade; Mercedes Tella desde a Escola Normal amosaba, tamén ela, unha discreta sensibilidade social; Rodrigo Sanz e o Médico Rodríguez pulaban varias cátedras cívicas; o inspector Manuel Díaz Rozas, con algunha animadversión con quen era tan querida como María Barbeito, facía gala dunha prezada formación teórico-pedagóxica, adecuadamente internacionalizada; e alí andaban os mestres Francisco Vales Villamarín e Marcelino Pedreira, sen os que non poderíamos entender a realización das colonias escolares ao longo de todos os veráns acollendo, así, a tanta infancia en situación de risco social. Todo un territorio social vivo para a formación e a configuración de valores por parte da intelixencia esperta de María Barbeito, intelixencia á que contribuíron naturalmente as lecturas de textos pedagóxicos.

Non coñecemos con certeza o contido de toda a biblioteca pedagóxica da educadora. Os fondos parecen os cedidos á Biblioteca Municipal, que foron atentamente examinados, mais parece non se teren conservado formando

unidade. Sabemos, segundo estudou Ana Romero, que María Barbeito ce-
deu fondos á Biblioteca Popular Circulante e unha parte destes fondos ben
puideron ter desaparecido en mans avariciosas, estando ela expulsada do
ensino realmente desde 1937 e para sempre; outros libros pasarían ás mans
dos seus fillos, todos lectores, con reenvíos posteriores, como sabemos no
caso de Carlos Martínez Barbeito.

Así as cousas, o que hoxe se pode considerar o seu patrimonio biblio-
gráfico pedagóxico non supera os douscentos libros, cunha ampla repar-
tición nas súas autorías. En medida moi notable foron editados dentro
das varias coleccións da *Revista de Pedagogía*, que Lorenzo Luzuriaga
impulsou desde 1922: libros teóricos en menor medida e case sempre
instrumentos de acción didáctica e de metodoloxía de materias, cando
non de información sobre as expresións internacionais da Escola Nova.
Outros moitos proceden das seguintes coleccións: da Biblioteca Moder-
na de Filosofía y Ciencias Sociales e da colección de Actualidades Peda-
gógicas de Francisco Beltrán; da colección Labor (neste caso con moi
reducida presenza); do Museo Pedagóxico Nacional; de Daniel Jorro; de
Juan Ortiz, e de La Lectura/Espasa Calpe. Isto é, estamos ante un depo-
sito pedagóxico variado, limitado, pero atento ao que eran as mellores
novidades editoriais dos pasados anos vinte e trinta. Destacan os libros
de metodoloxía didáctica das diversas materias escolares e aquel conxun-
to de lecturas que conforman en castelán os textos derivados da Escola
Nova e das súas autoras e dos seus autores, pero sen dominancia, de
quitadas as maiores referencias a Ferrière e a Decroly, coa metodoloxía
de proxectos e de centros de interese. Charrier, Dottrens, Rufino Blanco,
Llorca, Compayré, Audemars, Spencer, Margarita Comas, Leonor Serrano,
Barnés, Rouma, Herbart, Sainz Amor, Pizzigoni, Alice Descoudres...; un
universo un pouco inorgánico, e a estrañeza de só percibir dous textos de
Montessori, os dous ademais de 1934: *Psico-Geometría e Psico-Aritmética*.
Nas demais temáticas, temos un pouco 'de todo': ensino doméstico,
música, xogos e danzas, educación daquela chamada de deficientes, edu-
cación física, artes plásticas, mobiliario escolar, escola rural, tratados de
pedagoxía... e tres pequenos núcleos un algo máis consistentes: media
ducia de libros sobre xardíns de infancia, con acento francés, media ducia
de organización, lexislación e inspección escolar e outra media ducia de
psicoloxía escolar, psicoloxía evolutiva e de tratamento de dificultades de
aprendizaxe. Se de linguas falamos: dezaseis libros en francés, dous en
italiano e os demais en castelán. Un panorama neste caso moi distinto ao
moi superior que presenta a biblioteca que reuniron Díaz Rozas e a súa
dona Cristina Pol, os dous inspectores na cidade da Coruña.

Ana Romero Masiá, biógrafa de María Barbeito

No outono de 2012 un correo electrónico e unha seguinte conversa telefónica e amiga de Ana Romero trasladábame unha primicia: “Antón, non sei se non me metería onde non me mandan; estou estudando e elaborando escrituras sobre María Barbeito”, “Que pensas?”. Leticia, foi a primeira reacción; ledicia por que alguén se ocupase de poñer man sobre os ‘papeis’ de María Barbeito, e ledicia porque esa persoa fose Ana Romero Masiá: posto que había que facelo, poucas persoas como ela, cría eu, que o poderían facer coa habelencia historiadora e cultivada co que habería que facelo. Unha intuición que foi un pleno acerto, ao meu xuízo. Coñecía o traballo que Ana viña realizando desde hai anos, na compañía de Xosé Alfeirán, unhas veces, e na de Carlos Pereira, noutras ocasións, no campo da historia local da cidade da Coruña e do seu contorno, con criterios historiográficos emanados da historia social, con pingas de historia cultural. Un traballo prezado. Unha adecuada base para abordar a María Barbeito. Acompañei a autora dun ano para o outro, comentando os orixinais que foi poñendo nas miñas mans e a satisfacción é plena.

María Barbeito precisaba dun estudo histórico-biográfico, un texto con contexto, elaborado entre a historia social, a microhistoria e a historia cultural. Aquí está. Con soltura na escrita, cos detalles queridos á historia local, coa estrutura dunha coidada monografía, para mostrarnos o perfil dunha destacada educadora. Mel sobre filloas se ademais María Barbeito reflexionara e realizara prácticas significativas no que ten a ver coa galeguización lingüística e cultural da escola, pero dise a miúdo ‘que non se pode ter todo e sempre’. Habían celebrar esta obra os seus fillos; Juan, Isabel, a quen tratei brevemente en canto era a bibliotecaria municipal no propio pazo municipal da Coruña hai disto décadas xa, e Carlos, aquela finura humana que en 1982 me agasallou na súa casa co *Breviario humano* que a súa nai compuxera sobre a obra de Concepción Arenal. Quizais este estudo non chegara a este bo porto de non contar coa colaboración intelixente da súa neta Beatriz.

Agora, *temos* unha grande educadora galega. Celebrémolo.

Antón Costa Rico

Catedrático de Historia da Educación

Universidade de Santiago.

De Nova Escola Galega

Introdución

María Nicolasa Paula Barbeito Cerviño (2-3-1880 / 20-11-1970) foi unha muller de convencida vocación que exerceu a docencia nas escolas Da Guarda entre 1901 e 1936, fatídica data na que as novas autoridades xurdidas do golpe de Estado iniciaron contra ela un vergoñento proceso de depuración que esnaquizou todo aquilo polo que loitara durante décadas: a renovación do sistema pedagóxico na escola primaria na Coruña, a defensa dos dereitos das mulleres, a liberdade, o benestar da infancia, o progreso e a xustiza, sempre cun elevado sentido do social.



Na rúa Africano, onde naceu, conviviu María cos seus tres irmáns –Celia, Faustina e Agustín– educados todos eles nun ambiente familiar liberal e culto, o creado polos seus pais, María Cerviño Vázquez e Avelino Barbeito Hermosilla¹. En 1909 casou con Juan Martínez Morás, educado igualmente nun ambiente moi vinculado coa cultura galega, con quen tivo tres fillos –Juan, Carlos e Isabel– e que se converteu no seu apoio máis firme en todas as ordes da vida, tanto a persoal como a profesional².

-
- 1 Avelino Barbeito Hermosilla inculcoulle valores éticos e morais que marcaron a súa personalidade, ademais da admiración por Concepción Arenal, a pensadora ferrolá que lle serviu de exemplo e guía en moitas das accións que emprendeu ao longo da súa vida. Xunto con destacadas figuras do mundo do periodismo da época, como José Lombradero e Eugenio Carré Aldao, formou parte da loxa masónica *Fraternidad VIII nº 32* (1887-1892). *Otro personaje importante [...] es el hermano Balzac, Avelino Barbeito. Destacó, este francmasón coruñés, como periodista y poeta bilingüe, usando el pseudónimo de Noé Vila.* (A. Valín Fernández, 1984: 82). Como republicano, asinou o Manifesto Solidario de setembro de 1907. Como poeta, a súa obra máis coñecida é o libro *Nada. Versos castellanos y gallegos*, publicado na Coruña en 1906 e foi premiado pola Academia de Montreal e polo Ateneo dos Trobadores de Toulouse. Formou parte da xunta directiva do Circo de Artesáns.
 - 2 Juan Martínez Morás (A Coruña, 1874-1948) era o fillo maior da numerosa familia formada por Petra Morás Suevos e Andrés Martínez Salazar, un leonés asentado na Coruña desde 1872, cidade á que veu para facerse cargo da dirección do Arquivo Histórico de Galicia.

A Coruña da primeira infancia de María Barbeito era unha cidade duns 35.000 habitantes en pleno proceso de transformación: derrubo das murallas da Cidade Vella, configuración da praza de María Pita, recheo da praia da zona portuaria, construción de embarcadoiros, peiraos e dársenas na baía, inicio da edificación do primeiro ensanche, construción dun elemento que acabaría por ser un símbolo da cidade: as galerías. O goberno municipal estaba controlado polas forzas monárquicas defensoras do sistema da Restauración³ e a maioría dos colectivos obreiros formaban parte da Federación Local Obreira de tendencia anarquista. A burguesía coruñesa asistía ás representacións que se ofrecían no Teatro Principal, ás touradas na praza de touros ou aos bailes e actos festivos e culturais que organizaban sociedades de recreo como a *Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos* –o popular Circo ou Círculo–, o *Liceo Brigantino*, o *Sporting Club* ou a *Tertulia de la Confianza*. Casas de baños da rúa Rubine como *La Salud* e *La Primitiva* ofrecían diferentes tipos de duchas e baños, e para os que preferían a compañía dos libros estaban as bibliotecas da Deputación Provincial e do Consulado. As noticias de actualidade e os artigos periodísticos podían lerse en cabeceiras como *Diario de Avisos*, *Las Noticias*, *El Telegrama* ou *El Danzante*, así como nas que xurdiron naquel ano de 1880:

Plenamente integrado no ambiente cultural coruñés, Martínez Salazar foi elixido presidente da Real Academia Galega. Partidario do republicanismo federal, tras o fracaso da Primeira República, concentrou a súa actividade no traballo intelectual; publicou numerosos traballos sobre a historia e a cultura de Galicia e tivo un importante papel no ámbito editorial destacando a fundación, con Juan Fernández Latorre, da editorial *Biblioteca Gallega*. (Unha síntese biográfica en: M. Casás Fernández, 1948; P. de Llano López e J. Naya Pérez, 1981; A. Mato Domínguez; X.R. Barreiro Fernández, 1988). Un irmán de Juan, Fernando, destacou tamén no ámbito cultural e periodístico; foi un dos iniciadores da *Universidad Popular*, secretario da Real Academia Galega e do Instituto de Estudios Gallegos, redactor en varios periódicos coruñeses e profesor da Escola de Comercio. Outro irmán, Marcelino, desenvolveu a súa actividade en Vigo, onde foi directivo do Colexio Pericial Mercantil e presidente do Sindicato de Banca e Bolsa de Pontevedra, ademais de publicar traballos sobre economía de Galicia baixo diversos alcumes (<http://estudioslocais.wikispaces.com/Mart%C3%ADnez+Mor%C3%A1s,+Marcelino>; http://gl.wikipedia.org/wiki/Lista_de_pseud%C3%B3nimos_e_sobrenomes_galegos). Os dous irmáns participaron activamente nas discusións da asemblea coruñesa de xuño de 1931 sobre o anteproxecto do Estatuto de Galicia (*La Voz de Galicia*, 3, 4, 5-6-1931). Juan non seguiu os pasos profesionais de seu pai, preferindo o mundo da industria e o comercio. María Barbeito Cerviño casou con Juan Martínez Morás o 9 de outubro de 1909. A cerimonia tivo lugar na capela das monxas terciarias da avenida de Rubine; o pai da noiva e a nai do noivo foron os padriños e entre as testemuñas estaban, por parte de María, José Marchesi, Nicandro Fariña e Emilio Fraga e por parte de Juan, Manuel Murguía, Luis Lamigueiro e Manuel Lugiés Freire.

- 3 O retraemento dos republicanos nas eleccións municipais permitiu o control municipal por parte dos monárquicos ata 1891; desde esta data e ata a ditadura de Primo de Rivera, foron os republicanos quen controlaron a vida municipal, aínda que cun alcalde monárquico imposto desde Madrid. As forzas republicanas coruñesas comezaron a reorganizarse a partir da lexislación de Sagasta e en 1882 fundaron o Centro Democrático, xermolo de futuros partidos e organizacións republicanas. Sobre estes temas: X. Alfeirán e A. Romero, 2001.

El Noroeste, Revista de Galicia, La Tralla, Bandera Roja, La Emancipación, La Fe Judicial, Galicia, El Iris de Galicia ou *La Lucha Obrera*⁴. Entre as institucións de crédito destacaban a sucursal do *Banco de España*, o *Crédito Gallego* e a *Caja de Ahorros y Monte de Piedad*. A principal fábrica era a Real Fábrica de Tabacos da Palloza, que existía xunto a outras varias establecidas en diferentes puntos da cidade: de mistos, tecidos, vidros, salgaduras, conservas, chocolates, fundición, xabón, cervexa, refino de petróleo...; había ademais numerosos obradoiros de ebanistería, tipografía, fundición, encadernación...

Para a educación e formación do alumnado contaba A Coruña coas escolas de Belas Artes, Náutica, Comercio, Artes e Oficios, a Normal de mestras e a de mestres, e pouco máis dunha ducia de escolas públicas elementais e varias particulares. As taxas de escolarización eran moi baixas e o absentismo escolar na educación primaria moi elevado⁵; as condicións materiais da escola pública presentaban múltiples e graves deficiencias. De aí que resulte aínda máis meritorio o labor de mestres como a biografiada María Barbeito ou outros mestres coetáneos que tamén exerceron a docencia na Coruña polas mesmas datas, entre os que destacaron Marcelino Pedreira⁶ e Francisco Vales Villamarín⁷.

Este era, en síntese, o contexto urbano, socio-político e cultural no que María Barbeito cursou os estudos de Maxisterio na Escola Normal da Coruña e obtivo o título de mestra aos 16 anos. En 1902 aprobou as oposicións e elixiu como destino definitivo a praza da sección de párvulos das escolas Da Guarda

4 Datos sobre a prensa en E. Santos Gayoso, 1990.

5 En 1880 para a provincia da Coruña, a taxa de escolarización de 4 a 13 anos estaba no 35,42% e a de 6 a 9 anos no 38,16%. As nenas representaban o 31,48% do total do alumnado escolarizado e a asistencia escolar na escola primaria era do 68,21% no caso das nenas e do 61% nos nenos (N. de Gabriel, 1990:246, 247, 254, 283). En 1900, a taxa de alfabetización feminina en Galicia era do 16,34% e a masculina o 52,80% (A. Costa Rico, 2004:757).

6 Sobre o mestre Marcelino Pedreira: A. Costa, M^a X. Benítez, 1999. Colaborou con María Barbeito en numerosas actividades e o seu fillo Juan retiña na memoria lembranzas da infancia: *Marcelino Pedreira, maestro de la calle del Orzán, acompañó muchas veces a las colonias a los niños. Era un soltero con vocación de santo, con vida de asceta; tenía barbas rubias, tirando a pelirrojo y ojos azules; vegetariano riguroso, llegó a comer patatas crudas. Con barbas de apóstol, voz de tono bajo, contaba historias con mucha calma y soltaba unos rollos tremendos, no tenía prisa [...]. Luego, de repente, acabó casándose [...]. Tuvo muchos hijos [...]. Cuando le preguntaban qué hizo esa mujer para que cambiase tanto, contestaba: ¡Me encanta!* (Entrevista realizada o 18-3-2003 a Juan Martínez Barbeito por varios profesores do colexio público *María Barbeito* da Coruña facilitada por Beatriz, filla de Juan e neta de María Barbeito).

7 Francisco Vales Villamarín está moi vinculado ás cidades de Betanzos e da Coruña, pois nas dúas exerceu docencia e realizou múltiples actividades científicas e periodísticas. Foi secretario particular de Emilia Pardo Bazán; en Betanzos fundou a Irmandade da Fala e o *Anuario Brigantino*, e foi nomeado cronista oficial da cidade. Na Coruña fundou o Museo Pedagóxico Rexional e foi secretario da Real Academia Galega (J.D. Vales Vía, 2012).

da Coruña (que xa viña ocupando de forma interina), o centro escolar no que desenvolveu a súa actividade docente ata 1936. Desde 1915 foi a directora das seccións de párvulos e de nenas, e desde este posto converteu o centro escolar nun referente da renovación pedagóxica en Galicia pola aplicación de novos sistemas de ensino-aprendizaxe, poñendo en marcha numerosas iniciativas de carácter pedagóxico, labor que complementaba coa celebración de cursos, conferencias, viaxes de estudos e publicación de libros e artigos.

Os acreditados méritos docentes mereceron o recoñecemento das autoridades republicanas co nomeamento de inspectora-mestra en 1933, unha das 10 prazas convocadas para toda España. Desde este posto puxo en marcha novas experiencias didácticas que quedaron truncadas en xullo de 1936.

Paralelamente ao traballo docente realizou unha destacada acción benéfica-social a favor dos máis necesitados, especialmente a infancia coruñesa pola que traballou para mellorar a súa alimentación, calzado, vestido e saúde a través da fundación de novas institucións –*El Niño Descalzo, Fiesta de la Flor, Cantinas Escolares, Roperio y Comedor da Guarda* e de *Arteixo...*– e da colaboración con outras xa existentes –*Colonias Escolares, Asociación Concepción Arenal, Junta de Protección a la Infancia...*–.

Foi tamén firme defensora dos dereitos da muller, traballando coa palabra e o exemplo por conseguir a súa emancipación social, cultural e profesional. Foi membro da Real Academia Galega e do *Instituto de Estudios Gallegos* da Coruña e o seu traballo foi premiado e recoñecido coa Medalla da Mutualidade, a Cruz de Beneficencia, a de Afonso XII e a Medalla de Ouro da Cruz Vermella.

En 1937, a Comisión Depuradora do Maxisterio resolveu a separación definitiva do Maxisterio de María Barbeito e en 1942 procedeuse á súa xubilación forzosa. A partir de entón comeza unha nova etapa na vida desta exemplar mestra á que se lle privou inxustamente de exercer a súa vocacional profesión e da que tantos centos de alumnos coruñeses se beneficiaran. No seu retiro, centrou a súa actividade como escritora e tradutora de libros escritos en francés. Algúns recoñecementos serodios aliviaron o seu decaído ánimo, pero non foron suficientes para valorar, na súa correcta dimensión, as achegas desta coruñesa que merece figurar ao lado das máis ilustres galegas do seu tempo, como Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal.

Sobre a personalidade e a obra de María Barbeito están publicadas varias sínteses que destacan o máis salientable do seu labor⁸. Este traballo pretende com-

8 Entre as sínteses biográficas destacan as elaboradas por A. Marco, 1992; 1993: 93-97; 2002:32-33; 2005; 2007:50-51; <http://www.culturagalega.org/album/detalle.php?id=81>, e as referencias ao seu papel como renovadora pedagóxica nas obras

pletar e pormenorizar eses aspectos xerais xa coñecidos e descubrir outros novos desta insigne coruñesa, *una de las más eminentes mujeres gallegas de la época actual y una de las glorias máis indiscutibles del profesorado español*, en palabras doutra destacada muller, Amparo López Jeán⁹. Pero que sexan as palabras da propia María Barbeito as que mellor resuman o que para ela significaba a dedicación á escola, á familia e ás obras de solidariedade cidadá.

Valiéndome de un exemplo profesional, diré que así como solamente los que viven la escuela pueden comprender cuantas vacilaciones, titubeos, ensayos, derrotas, esperanzas fallidas y pequeños triunfos gustados caben detrás del trabajo escolar de un niño, que pueda exhibirse dignamente, así también hace falta un espíritu comprensivo para valorarlas energías gastadas, la lucha sostenida, los desengaños de que hubo que reaccionar y los desfallecimientos que hubo que vencer para dar realidad a cada uno de esos pequeños proyectos logrados.

Entre tanta deficiencia como encuentro al ser juez de mi propia obra, solo tengo un orgullo que me parece lícito declarar: no haber mirado jamás a mi escuela con espíritu frío ni mercantilista; mis dolores y mis alegrías tuvieron en ella un reflejo y muchos de ellos su origen; jamás miré el reloj ni el calendario para regatearle tiempo; hábil sería el que entre ella y mi propio hogar pudiera establecer línea divisoria perfectamente definida; y su nombre va tan íntimamente unido al mío, que estimo como un apellido más la enunciación de mi cargo.

Lo querido de su recinto, al que me siento sujeta por ligaduras irrompibles, no me impidió nunca, sin embargo, dedicar a obras ajenas a ella, otras facetas de mi actividad, y esto es lo que ofrezco desprovista de ambiciones personales y movida por altos estímulos de deber ciudadano, si mi colaboración tan vacía de mérito como rebotante de buena voluntad se estimase aprovechable para la modalidad de trabajo, nuevo en cierto aspecto solamente, a que me complacería dedicarme¹⁰.

O presente estudo está organizado seguindo un criterio temático-cronolóxico. A esta introdución seguen catro capítulos dedicados aos catro ámbitos básicos da actividade de María Barbeito: o profesional, o benéfico-social, o literario-cultural e o das actividades cívicas e feministas. A eles segue un capítulo dedicado á traxedia que significou a depuración a que foi sometida e que determinou a separación da docencia, unha nova etapa na súa vida marcada polo silencio, a nostalgia e o sufrimento.

de A. Costa, 1996:36-38; 2004:989-992 e na tese de licenciatura de T. Morales, 1986.

9 Amparo López Jeán formou parte das xuntas directivas da *Agrupación Republicana Femenina* da Coruña, entidade coa que colaborou María Barbeito.

10 M^a Barbeito, 1932: 15-16.